## Dpto de Xeografía e Historia Ha do Mdo. Contemporeáneo 1º Bach. Práctica reflexiva final: consecuencias da industrialización

Lee con atención este artigo xornalistico e resposta preguntas que o seguen SABADO 05 DE DECEMBRO DE 2020 NÓS DIARIO

## Desigualdades sociais



Marilar Aleixandre Escritora

ai douscentos anos, o 28 de novembro de 1820, nacía en Barmen Friedrich Engels, nunha familia adiñeirada propietaria de factorías téxtiles. Aínda que en moitas ocasións permaneceu nun segundo plano a respecto de Marx, desenvolveron xuntos grande parte das nocións centrais do marxismo, como proba a coautoría do Manifesto Comunista. Na súa vida persoal Engels foi menos tradicional que Marx, viviu sen casar coa súa compañeira, Mary Burns, irlandesa moi reivindicativa que traballaba nunha das factorías da súa familia e que colaborou con el para que coñecese de perto a situación do proletariado. Unha mostra de que as ideas de Engels e Marx seguen tendo interese para as galegas e os galegos de 2020 é a escandalosa desigualdade entre as rendas do capital e as do traballo, como debullaba Xacobe Ferreiro en Nós Diario o xoves pasado. Non é que as desigualdades persistan, é que medran ano tras ano, segundo datos dun organismo oficial, o Instituto Galego de Estatística, pois as rendas do traballo pasaron do 48% ao 44% nos dez últimos anos, enfraquecendo catro puntos que foron engrosar as do capital. Desde a crise de 2008 os ricos son máis ricos e os pobres máis pobres. Non puiden localizar datos desta fen-

da desagregados para Galicia, mais no conxunto do estado o número de contribuíntes que posúen fortunas de máis de 700.000 euros aumentou en case 50.000 desde 2011, mentres o número de pobres medraba case un 10%. Dise que a pandemia afecta "a todos", porén nada menos certo. En España, segundo a OIT, en decembro de 2019 o dez por cento máis rico gañaba 23 veces que o dez por cento máis pobre; un ano despois gaña 36 veces máis. En Europa só hai crecementos similares en Irlanda e Portugal. Aínda sen ter datos desagregados para Galicia, as dúas persoas máis ricas de España, segundo Forbes, son galegas, Amancio Ortega, cun patrimonio de 57.000 millóns de euros, un dez por cento menor que o pasado ano, ocupa a primeira posición e Sandra Ortega, con 5.600, a segunda. A idea de que o desenvolvemento económico levaría automaticamente á redistribución de ingresos é un grande engano, e as baixadas de impostos ao patrimonio e aos altos ingresos perpetradas pola dereita, subtraendo recursos ao público, unha obscenidade. Claro que, de facer caso ao delirio dos militares golpistas, a solución redistributiva é doada, chegaría con fusilar 26 millóns de roxos e nacionalistas e serían menos a repartir.

1. Procura mais información sobre a impulancia de Mary Burns no proceso de tomo de conciencia de F. Engels solie as consecuencias sociais da industrialización.

2. Considerando os datos que achega a autor e os de informe que xun tames co doese, considenas que o fileralismo económico e político

niel e monel da Humanidade paque melhecion as lilertades persons (manifestación, participación, propiedade, igualdade ante a lei...) e de mercado multiplicando as posibilidades de producir, vender e olter l'eneficios que reinventir,

## Dpto de Xeografía e Historia Ha do Mdo. Contemporeáneo 1º Bach. Práctica reflexiva final: consecuencias da industrialización

e de estados industrializados grazas a explotación la loral dos alreiros e medicambiental das materios primos e fontes de enerxía

Argumente a tua responte usando, tamén, os datos que seguen. e o aprendido co visionado de Daens

<u>Doc. 1</u>: Declaracións de Sarah Gooder, nena de 8 anos, á comisión Ashley para o estudo da situación nas minas (1842):

"Trabajo en el pozo de Gawber. No es muy cansado, pero trabajo sin luz y paso miedo. Voy a las tres y media de la mañana y salgo a las cinco y media de la tarde. No me duermo nunca... Canto cuando hay luz, pero en la oscuridad no me atrevo a cantar... Estoy medio dormida cuando voy por la mañana. Voy a la escuela los domingos y aprendo a leer. Prefiero ir a la escuela que estar en la mina".

## Doc. 2: Robert Owen describe o traballo dos nenos nunha fábrica textil (1868):

"... Encontramos que había nenos de dez anos que traballaban regularmente catorce horas ao día e gozaban só de media hora de descanso para o almorzo... Nos muiños de algodón para fiado fino soportaban este traballo cunha temperatura que excedía os vintecatro grados respirando unha atmósfera nociva para os pulmóns debido ao po e ás finas fibras que flotaban no aire".

<u>Docto. 3:</u> informe presentado por Lola Sánchez, deputada no Parlamento Europeo no cal describe as condicións laborais que presenciou nunha viaxe a Sri Lanka (2017).

"Mahida, de 18 años, se levanta a las 5 de la mañana en su aldea del norte de Sri Lanka para llegar a la fábrica en la que pasa, al menos, nueve horas de pie, cosiendo prendas de lencería. Le dan treinta minutos para que coma y vaya al baño. Le han hecho firmar un contrato en el que renuncia a sindicarse. Si lo hace o lo intenta, será despedida sin derecho a indemnización. Cada día ha de alcanzar un umbral de producción que aumenta sin cesar. El jefe le amenaza con seguirla a casa si no llega al mínimo mientras le toca el pelo. Cobra unos ochenta euros al mes, que no se acerca ni siquiera al mínimo vital. Es pobre y lo seguirá siendo por mucho que trabaje... Si quiere cobrar algo más, tendrá que pasar doce horas cosiendo, por lo que llegará a su casa a las once de la noche, exhausta y sin piel en los dedos. Ningún inspector de trabajo irá nunca a su fábrica. Le pregunto para qué marca cose, y me contesta que hace braguitas para Victoria's Secret. Me dice que son muy bonitas. No me atrevo a decirle que con dos o tres prendas de los cientos que cose al día su sueldo está cubierto".